


## Oración da familia (A.L. 325)

Xesús, María e Xosé en vós contemplamos o esplendor do verdadeiro amor, a vós, confiados, dirixímonos·  
Santa Familia de Nazaré, fai tamén das nosas familias lugar de comunión e cenáculo de oración, auténticas escolas do Evanxeo e pequenas Igrexas domésticas·  
Santa Familia de Nazaré, que nunca máis haxa nas familias episodios de violencia, de cerrazón e división; que quen sexa ferido ou escandalizado sexa axiña consolado e curado·  
Santa Familia de Nazaré, que todos tomemos conciencia do carácter sagrado e inviolable da familia, da súa beleza no proxecto de Deus·  
Xesús, María e Xosé, escoitade e acollede a nosa súplica·

*Amén·*

# Nadal Sda. Familia


Evanxeo  
31-dec-2017  
Nadal



**Nace Xesús nunha FAMILIA.  
QUERE e COIDA a túa!**



# N A D A L A



## • ECLESIAÍSTICO 3, 2-6.12-14: *Honra a teus pais.*

O Señor honra máis o pai que os fillos e afirma o dereito da nai sobre eles. **Quen honra a seu pai expía os seus pecados, e quen respecta a súa nai é como quen acumula tesouros.** Quen honra o seu pai alegrárase dos seus fillos e **cando rece, será escoitado.** Quen respecta o seu pai terá longa vida, e quen honra a súa nai obedece ao Señor. Fillo, coida do teu pai na súa vellez e durante a súa vida non lle causes tristeza. Aínda que perda e xuízo, sé indulxente con el e non o despreces aínda estando ti en peno vigor. Porque a compaixón cara ao pai non será esquecida e servirache para reparar os teus pecados.

*Palabra do Señor.*

## • SAL. 127: *Ditosos os que temen o Señor e seguen os seus camiños.*

## • COLOSENSES 3, 12-21: *A vida de familia vivida no Señor.*

Irmáns: Como elixidos de Deus, santos e amados, **revestídevos de compaixón entrañable, bondade, humildade, mansedume e paciencia.** Soportádevos mutuamente e **perdoádevos** cando algún teña queixas contra outro. O Señor perdoouvos: facede vós o mesmo. E por encima de todo isto, o **amor**, que é o vínculo da unidade perfecta. **Que a paz de Cristo reine** no voso corazón; a ela fostes convocados, nun só corpo. **Sede tamén agradecidos.** A palabra de Cristo habite entre vós en toda a súa riqueza; ensinádevos uns a outros con toda sabedoría; exhortádevos mutuamente. **Cantade a Deus, dádelle grazas de corazón**, con salmos, himnos e cánticos inspirados. E, todo o que de palabra ou de obra realicedes, sexa todo en nome de Xesús, dando grazas a Deus Pai por medio del.

*Palabra do Señor.*

## • SAN LUCAS 2, 22.39-40: *O neno ía crescendo cheo de sabedoría* (Breve)

**Narrador:** Cando se cumpriron os días da purificación, segundo a lei de Moisés, os pais de Xesús levárono a Xerusalén para presentalo ao Señor. E, cando cumpriron todo o que prescribía a lei do Señor, Xesús e os seus pais volveron a Galilea, á súa cidade de Nazaré. O neno, pola súa banda, **ía crescendo e robustecéndose, cheo de sabedoría; e a graza de Deus estaba con el.**

*Palabra do Señor.*

## Nace Xesús nunha FAMILIA. QUERE e COIDA a túa!

### 1. VER: A familia

+En Nadal pasamos máis momentos en casa, gozamos da familia, estreitamos lazos.

Hai realidades que valoramos moito: **a familia é o máis importante para nós.**

+**Facemos e comentamos a árbore xenealóxica** da nosa familia: abaixo o noso nome, por encima, irmáns, os papás, etc. E un álbum cos momentos máis importantes.

*Por que é importante a familia? Que valoras dela?*

*Que recibes da túa familia? Que lle achegas ti?*

### 2. XULGAR: A familia de Xesús

-No evanxeo deste domingo fálanos da **familia de Nazaré**, a de Xesús, Xosé e María: A Sagrada Familia. Unha familia que tivo que saír, fuxir fóra da súa terra, pobre. O ancián Simeón di de Xesús que é o "Salvador", a "luz"... Tamén se recoñece que **"Xesús ía crescendo en sabedoría e graza"**. O Eclesiástico afirma: *Meu Fillo, sé constante en honrar o teu pai, non o abandones*" e Colosenses: *"sexo o voso uniforme ou lema: a misericordia entrañable, a bondade, a dozura, o amor"*.

#### QUE NOS QUERE DICIR?

1. **Algo terá a familia: Deus quixo nacer, vivir e ser educado nela.** Nela Xesús aprendeu a amar sen condicións e a sentirse querido, a darse aos demais, a colaborar, a rezar, a crecer como persoa, a respectar o outro e ser respectado, a obedecer, a rir e gozar cada momento, a pedir perdón... *"Xesús ía crescendo"*.

2. **Non esquezas:** -Non existen familias perfectas, só nas películas. -A familia non é unha casa acabada senón unha semente que se coida e se rega a diario. -Na familia compartimos a vida e o que temos. -Na familia crece o noso corazón que, como os ovos no niño, só se desenvolve sen hai calor, si existe agarimo. -Na familia educamos na fe, rezamos xuntos, crecemos como fillos de Deus. -Hai dúas familias moi importantes: a familia do mundo (somos todos irmáns) e a familia da Igrexa (todos fillos de Deus). "Na familia aprendemos a rezar e querer a Xesús e a María.

*Que podemos mellorar na nosa familia? Como andades de dozura e amor?*

### 3. ACTUAR: Quere e coida a túa familia

-Facemos un cartel da familia: "A familia é fogar que acolle, acompaña e sanda". Ou outro que poña: "Sen familia..." (e completamos o que nos faltaría se non a tivéssemos.)

-Programamos como orar nalgún momento do día na familia. Vemos como coidala.

*Que ides facer?*